



OMIX CAMARIÑAS

Praza da Insuela, 31

Teléfono 981737234

e-correo: anamartinez.biblioteca@camarinas.net

Xuventur: turismo no rural para a xuventude galega

Que é?

É un programa con actividades de turismo deportivo e de aventura que se levará a cabo en diferentes establecementos rurais de toda Galicia, organizado conxuntamente pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e pola Secretaría Xeral para o Turismo-TURGALICIA. Ofrécense distintas alternativas de participación, entre os meses de abril a xuño, excluída a Semana Santa.

Quén pode participar?

Poderán participar aquelas mozas e mozos que teñan entre 18 e 35 anos no momento da solicitude.

Obxectivos do programa

- Facilitar que as mozas e mozos galegos participantes coñezan a xeografía e patrimonio natural, cultural e etnográfico de Galicia, para promover o seu respecto.
- Proporcionar á xente nova a oportunidade de vivir a experiencia do turismo activo e do turismo rural de Galicia.
- Promover a educación ambiental e o ocio saudable.

O programa inclúe

- Aloxamento en casas de turismo rural (noites de venres e sábado). O aloxamento será sempre en cuartos dobres (de unha ou dúas camas) e poderase escoller a persoa con quen compartilos. En caso de inscricións individuais asignarase un compañeiro/a.
- Manutención completa (venres: cea; sábado: almorzo, picnic e cea; e domingo: almorzo).
- Transporte das persoas que participan dende o aloxamento ata o lugar onde se realizarán as actividades.
- Programa de actividades, equipo de monitores, así como o material preciso para o seu desenvolvemento (no suposto de mal tempo levaranse a cabo actividades alternativas).
- O desprazamento ata os aloxamentos será por conta dos participantes, tanto para o día de incorporación como o día de remate da actividade.
- A incorporación realizarase o venres pola noite antes das 21.00 horas.

Condicións de participación

- Son viaxes en grupo e, polo tanto, terán que respectarse os horarios establecidos, tanto para as saídas programadas coma para os servizos opcionais.
- Durante a estancia nos aloxamentos, respectaranse as normas de organización interna en cada un deles.
- Os organizadores das actividades reservaranse o dereito a cambiar algunha parte do programa ou servizo, -incluso de cancelalo,- en caso de que sexa necesario por seguridade das persoas participantes.

- A realización e o desenvolvemento das actividades estará condicionada polas condicións meteorolóxicas.
- A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado poderá cancelar calquera dos programas, en caso de que non exista un número mínimo de participantes.
- Se calquera dos participantes incumpre as normas xerais que alteren o desenvolvemento normal da viaxe, poderá ser expulsado da actividade correspondente.
- Será necesario levar a tarxeta sanitaria e o DNI durante a viaxe.
- A incorporación realizarase o venres pola tarde antes das 21.00 h., e a saída será ao remate da actividade que será sempre os domingos antes do xantar.
- A participación no programa supón a aceptación das condicións deste; noutro caso poderá excluírse do programa ao participante que as incumpra.

Material necesario

Útiles de aseo, roupa e zapatillas deportivas, prendas de abrigo e choiva, calzado forte e cómodo e mochila.

É importante que a roupa sexa axeitada ás actividades para as que se inscribe.

Prazas

O número máximo de persoas que poden participar en cada unha das opcións e fins de semana oscila ao redor de 22 prazas, en función da capacidade das casas de turismo rural correspondente.

Prezo

100 € por praza. As persoas que teñan Carné Xove (que debe acreditarse e estar vixente no momento do pagamento) terán un desconto do 25%.

Anulación

Só se procederá á devolución de taxas cando, por causas non imputables ás persoas interesadas, o servizo non se preste ou cando a administración anule a actividade (Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia e Decreto lexislativo 172/1992, do 26 de xuño, polo que se ditan normas para a xestión da liquidación e recadación das taxas e prezos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia).

Inscricións e Reservas

- A reserva de praza efectuarase **unicamente por vía telefónica**.
- **Cada un dos programas ten asinado un número de teléfono, ao cal se debe de chamar para solicitar praza nese programa concreto. Non se poderán facer reservas nun programa que non corresponda co número de teléfono asignado.**
- Logo de confirmarse a adxudicación da/s praza/s na mesma chamada telefónica, haberá un prazo de 48 horas para remitir por correo electrónico a seguinte documentación:
 - Fotocopia escaneada do xustificante do ingreso da cota de participantes
 - Fotocopia escaneada do carné xove en vixencia (de ser o caso)
 - Fotocopia escaneada do DNI.
 - Fotocopia escaneada da solicitude de inscrición (que se pode descargar na web www.xuventude.net).
- Esta documentación debe enviarse ao enderezo de correo electrónico indicado para cada programa concreto.

Nota: o envío incorrecto da documentación ocasionará a baixa automática do programa e as prazas quedarán dispoñibles para outros solicitantes.

Prazo de Inscrición

O prazo de inscrición comezará o día **18 de marzo ás 9.00 horas**.

O horario de atención ás chamadas, será de 9.00 h. a 14.00 h.

Adxudicación das Prazas

As prazas adxudicaranse por rigorosa orde de recepción das chamadas e asignaranse ata esgotar as dispoñibles por programa.

No formulario de solicitude, só se poderá elixir unha quenda.

Descarga o folleto informativo do programa en www.xuventude.net onde se detallan as quendas e datas.

